



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE OUTUBRO DE 2019

LICENZAS

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para rehabilitación, reestructuración e conservación dun inmoble sito na Avda. de Raxoi, 1. LAP/483/2017. Concédese a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar obras de rehabilitación interior dunha vivenda sita na planta segunda do edificio sito na rúa da Costa Vella, 16. LIC/310/2019. Concédese a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para obras de acondicionamento interior de vivendas no edificio situado na rúa de Brión, 6 - 8. LIC/1124/2019. Concédese a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de rehabilitación de obra nova na rúa de San Pedro, 55 - rúa do Medio, 40. LIC/808/2015. Concédese a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para legalización da rehabilitación e substitución parcial de dúas cubertas; modificado: substitución dun forxado e conservación dunha vivenda situada na rúa Fonte de Santo Antonio, 27. LIC/660/2014. Concédese a licenza.

OUTRAS PROPOSTAS

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á modificación da descripción das parcelas resultantes denominadas 7B e 8B no acordo adoptado na sesión de data 12 de abril de 2019. LIC/320/2018. Acórdase modificar a descripción das parcelas resultantes.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Barrios e Obras relativa á adxudicación do contrato das "Obras de rehabilitación do edificio "Casa das Máquinas" FASE I". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor de OBRAS GALLAECA SL, por un importe de 180.935,57 euros (IVE aparte 21%: 37.996,47 euros), ao ser a más vantaxosa das presentadas. O gasto financiarase en dúas anualidades correspondentes aos exercicios orzamentarios de 2019 (72.977,35 euros IVE incluído) e 2020 (145.954,69 euros, IVE incluído).

9.- Reconecementos extraxudiciais de créditos. Acórdase aprobar o expediente de recoñecemento extraxудicial de créditos por gastos do subministro de enerxía eléctrica de baixa e media tensión do Concello de Santiago de Compostela a partir da data de finalización do contrato con Gas Natural Comercializadora SA, por importe de 64.408,54 euros. Acórdase aprobar o expediente de recoñecemento extraxудicial de créditos por gastos do subministro de enerxía eléctrica de baixa e media tensión do Concello de Santiago de Compostela en concepto de regularización do compoñente asociado ao custe de comercialización co Gas Natural Sur, por importe de 6.471,98 euros.

10.- Proposta relativa á convalidación de gastos correspondentes a contratos menores. Acórdase a convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por unha contía de 4.114 euros.

11.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e o CLUB ARTEAL TENIS DE MESA 2019. Acórdase a aprobación do texto do convenio.

12.- Propostas da concelleira delegada de Facenda relativas á inadmisión a trámite de diversas solicitudes de declaración de nulidade de pleno dereito, presentadas contra liquidacións de expediente de comprobación limitada en concepto do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana. Acórdase inadmitir a trámite tres solicitudes.

13.- Proposta da alcaldía relativa á designación de representante do concello de Santiago na asociación de concellos do Camiño Inglés. Acórdase designar como representante do Concello de Santiago de Compostela na Asociación de Concellos do Camiño Inglés, ao responsable de Presidencia, Relacións Institucionais e Turismo, e Delegado do Ano Santo 2021, Gumersindo Guinarte.

14.- Proposta da concellería delegada de Modernización da Administración Local relativa á adxudicación da prestación do servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de nómina e recursos humanos ÉPSILON (do GRUPO CASTILLA) do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase adxudicar a prestación do servizo á empresa CARLOS CASTILLA INGENIEROS SA, por un importe de 11.121,92 euros/ano (máis IVE) e por un período de dous anos, formalizándose este acordo nun contrato que se subscibirá entre a empresa e o concello unha vez constituída a corespondente garantía definitiva.

15.- Dar conta pola concelleira delegada de Contratación da resolución de delegación do interventor en Mesa de contratación, na funcionaria dona Berta Rosón López. Dáse conta da resolución.

16.- Dar conta polo concelleiro delegado de Centros socioculturais da resolución da adxudicación aos concellos da provincia da Coruña dos espectáculos do programa REDE CULTURAL 2019. Dáse conta da sinatura do convenio entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago para os espectáculos da Rede Cultural 2019, asinado o 26 de xuño de 2019; e dos espectáculos concedidos polas Deputación Provincial da Coruña correspondentes ao programa Rede Cultural 2019. O gasto total deste programa ascende a 20.327 euros, con cargo ao concello. Unha vez xustificada a subvención, a Deputación aboa o 30% desta cantidade.

URXENCIAS

17.- Proposta de alcaldía para aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación do “Servizo de tarefas de comunicación do proxecto europeo TROPA VERDE 2ª fase”, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa URBACT III (2014-2020). Apróbase o gasto corespondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 8.181,82 euros (IVE aparte), dividido en dúas anualidades: 7.638,70 euros (IVE incluído) en 2019, e 2.261,30 euros en 2020 (IVE incluído).

19.- Informe-proposta relativo á modificación do horario das residencias de creación artística e estadiás técnicas para proxectos de artes escénicas para o curso 2019-2020 do Concello de Santiago de Compostela. Acórdase a modificación. O horario de dispoñibilidade é o seguinte: luns de 10:00 a 21:00 h., martes de 12:00 a 19:50 h., mércores de 12:00 a 19:20 h., e xoves de 12:00 a 18:20 h., e venres de 12:00 a 21:00 h.